



Dirección Xeral de Formación Profesional
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación da materia Guitarra

curso 2023/2024





Índice

Tabla de contenidos

| | |
|---|-----------|
| Introdución | 5 |
| 1.1. Marco Legal | 5 |
| 1.2. Características do centro | 6 |
| 1.3. Características do alumnado | 6 |
| 1.4. A especialidade de Guitarra | 6 |
| 1.5. Avaliación inicial | 7 |
| 1.6. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2022-2023 | 7 |
| 1.7. Actividades de reforzo e recuperación | 7 |
| 1.8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas | 7 |
| 2. Metodoloxía | 8 |
| 3. Atención á diversidade | 8 |
| 4. Temas transversais | 8 |
| 4.1. Educación en valores | 8 |
| 4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) | 9 |
| 5. Secuenciación dos cursos | 10 |
| 5.1. Curso: 1º de Grao Elemental | 10 |
| 5.1.1. Obxectivos para o 1º curso de Grao Elemental | 10 |
| 5.1.2. Contidos | 10 |
| 5.1.3. Repertorio | 11 |
| 5.1.4. Avaliación | 12 |
| 5.1.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula | 13 |
| 5.1.6. Medidas de recuperación..... | 14 |
| 5.1.7. Procedementos de recuperación ordinarios..... | 14 |
| 5.1.8. Probas extraordinarias de xuño | 14 |
| 5.1.9. Recursos didácticos | 14 |
| 5.2. Curso: 2º de Grao Elemental | 15 |
| 5.2.1. Obxectivos para o 2º curso de Grao Elemental | 15 |
| 5.2.2. Contidos | 15 |
| 5.2.3. Repertorio | 16 |
| 5.2.4. Avaliación | 17 |
| 5.2.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula | 19 |
| 5.2.6. Medidas de recuperación..... | 19 |
| 5.2.7. Procedementos de recuperación ordinarios..... | 19 |
| 5.2.8. Probas extraordinarias de xuño | 19 |
| 5.2.9. Recursos didácticos | 19 |
| 5.3. Curso: 3º de Grao Elemental | 21 |
| 5.3.1. Obxectivos para o 3º curso de Grao Elemental | 21 |
| 5.3.2. Contidos | 21 |



| | | |
|-------------|---|-----------|
| 5.3.3. | Repertorio | 22 |
| 5.3.4. | Avaliación | 23 |
| 5.3.5. | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula | 25 |
| 5.3.6. | Medidas de recuperación..... | 25 |
| 5.3.7. | Procedementos de recuperación ordinarios..... | 25 |
| 5.3.8. | Probas extraordinarias de xuño | 26 |
| 5.3.9. | Recursos didácticos | 26 |
| 5.4. | Curso: 4º de Grao Elemental..... | 27 |
| 5.4.1. | Obxectivos para o 4º curso de Grao Elemental..... | 27 |
| 5.4.2. | Contidos | 27 |
| 5.4.3. | Repertorio | 28 |
| 5.4.4. | Avaliación | 29 |
| 5.4.5. | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula | 31 |
| 5.4.6. | Medidas de recuperación..... | 32 |
| 5.4.7. | Procedementos de recuperación ordinarios..... | 32 |
| 5.4.8. | Probas extraordinarias de xuño | 32 |
| 5.4.9. | Recursos didácticos | 32 |
| 5.5. | Curso: 1º de Grao Profesional..... | 34 |
| 5.5.1. | Obxectivos para o 1º curso de Grao Profesional..... | 34 |
| 5.5.2. | Contidos | 34 |
| 5.5.3. | Repertorio | 35 |
| 5.5.4. | Avaliación | 36 |
| 5.5.5. | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula | 38 |
| 5.5.6. | Medidas de recuperación..... | 38 |
| 5.5.7. | Procedementos de recuperación ordinarios..... | 38 |
| 5.5.8. | Probas extraordinarias de xuño | 38 |
| 5.5.9. | Recursos didácticos | 38 |
| 5.6. | Curso: 2º de Grao Profesional..... | 40 |
| 5.6.1. | Obxectivos para o 2º curso de Grao Profesional..... | 40 |
| 5.6.2. | Contidos | 40 |
| 5.6.3. | Repertorio | 41 |
| 5.6.4. | Avaliación | 42 |
| 5.6.5. | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula | 44 |
| 5.6.6. | Medidas de recuperación..... | 44 |
| 5.6.7. | Procedementos de recuperación ordinarios..... | 44 |
| 5.6.8. | Probas extraordinarias de xuño | 44 |
| 5.6.9. | Recursos didácticos | 44 |
| 5.7. | Curso: 3º de Grao Profesional..... | 46 |
| 5.7.1. | Obxectivos para o 3º curso de Grao Profesional..... | 46 |
| 5.7.2. | Contidos | 46 |
| 5.7.3. | Repertorio | 47 |
| 5.7.4. | Avaliación | 48 |
| 5.7.5. | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula | 50 |
| 5.7.6. | Medidas de recuperación..... | 50 |
| 5.7.7. | Procedementos de recuperación ordinarios..... | 50 |
| 5.7.8. | Probas extraordinarias de xuño | 51 |



| | | |
|--------------|--|-----------|
| 5.7.9. | Recursos didácticos | 51 |
| 5.8. | Curso: 4º de Grao Profesional | 52 |
| 5.8.1. | Obxectivos para o 4º curso de Grao Profesional | 52 |
| 5.8.2. | Contidos | 52 |
| 5.8.3. | Repertorio | 53 |
| 5.8.4. | Avaliación | 54 |
| 5.8.5. | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula | 56 |
| 5.8.6. | Medidas de recuperación..... | 56 |
| 5.8.7. | Procedementos de recuperación ordinarios..... | 56 |
| 5.8.8. | Probas extraordinarias de xuño | 57 |
| 5.8.9. | Recursos didácticos | 57 |
| 5.9. | Curso: 5º de Grao Profesional | 58 |
| 5.9.1. | Obxectivos para o 5º curso de Grao Profesional | 58 |
| 5.9.2. | Contidos | 58 |
| 5.9.3. | Repertorio | 59 |
| 5.9.4. | Avaliación | 60 |
| 5.9.5. | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula | 62 |
| 5.9.6. | Medidas de recuperación..... | 62 |
| 5.9.7. | Procedementos de recuperación ordinarios..... | 62 |
| 5.9.8. | Probas extraordinarias de xuño | 63 |
| 5.9.9. | Recursos didácticos | 63 |
| 5.10. | Curso: 6º de Grao Profesional | 64 |
| 5.10.1. | Obxectivos para o 6º curso de Grao Profesional | 64 |
| 5.10.2. | Contidos | 64 |
| 5.10.3. | Repertorio | 65 |
| 5.10.4. | Avaliación | 66 |
| 5.10.5. | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula | 68 |
| 5.10.6. | Medidas de recuperación..... | 68 |
| 5.10.7. | Procedementos de recuperación ordinarios..... | 68 |
| 5.10.8. | Probas extraordinarias de xuño | 69 |
| 5.10.9. | Recursos didácticos | 69 |
| 6. | Procedementos de avaliación e seguemento da programación didáctica..... | 70 |
| 7. | Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento | 71 |
| 8. | ANEXOS..... | 72 |
| 9. | Probas de acceso | 73 |
| 9.1. | Probas de acceso ao GRAO ELEMENTAL | 73 |
| 9.2. | Probas de acceso ao GRAO PROFESIONAL..... | 73 |
| 10. | Criterios para a obtención do premio Fin de Grao | 75 |
| 11. | Rúbrica proba de acceso guitarra..... | 76 |
| 12. | Rúbrica avaliación guitarra | 76 |
| 13. | Rúbrica proba extraordinaria guitarra..... | 77 |



Introdución

1.1. *Marco Legal*

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

ORDE EFP/365/2020, do 22 de abril, publicada polo Ministerio de Educación y Formación Profesional estableceuse o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021 debida a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Polas competencias atribuídas en materia de educación á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, publicouse a Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación,



Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020.

ORDE EFP/561/2020, de 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e desenvolvemento do curso 2020-2021, e Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.

1.2. Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela conta na actualidade no seu ámbito musical cunha orquestra sinfónica profesional, a Real Fiharmonía de Galicia, cun nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte cunha programación musical estable. Conta tamén coa Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso e con moita luz, pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de Grao Elemental e Profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

1.3. Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven persoas de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno máis próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno máis afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable máis, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

1.4. A especialidade de Guitarra

A especialidade de Guitarra trata de desenvolver os aspectos técnicos e musicais propios deste instrumento co fin de facilitar os medios para que o o/a alumno/a adquira o nivel profesional e dotalo/a de recursos suficientes para se encamiñar ao Grao Superior.



É importante tamén a formación teórica da/o alumna/o noutras materias como a análise harmónica, a música de cámara e a historia da música para afianzar e completar a súa formación musical.

Porase especial atención na posta en escena e a interpretación en público do alumnado. Para completar a aprendizaxe invítase a docentes externos coa fin de complementar os seus coñecementos guitarrísticos e musicais.

O marco legal para a presente programación procede da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, e complétase cos Decretos 198/2007 e 203/2007, que establecen os currículos do Grao Elemental e Profesional, respectivamente, ademais doutra lexislación que engade modificacións posteriores.

Sobre a consulta deste documento, hai que ter en conta que hai certa información de carácter xeral que ten o seu propio epígrafe, tal e como pode consultarse no índice, mentras que outra información, de carácter máis específico, aparece distribuída segundo o curso que corresponda: secuenciación, obxectivos, contidos, mínimos esixibles, criterios de cualificación, procedementos e ferramentas de avaliación, ou actividades de recuperación.

1.5. *Avaliación inicial*

Os profesores de guitarra farán unha avaliación inicial a comezo do curso donde se revisarán os informes de avaliación individualizados do curso anterior para detectar aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no ano pasado. Esta avaliación individual do alumnado serve para dotar o profesor da situación real do estudante de guitarra coñecendo persoalmente a súa situación emocional fronte o curso 22/23. Os docentes deberán detectar si o alumnado de guitarra ten os medios necesarios para unha posible actividade lectiva semi-presencial ou non presencial.

1.6. *Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2022-2023*

Atendendo á situación vivida durante o curso académico anterior os profesores de guitarra, unha vez feita a avaliación inicial, indicarán no libro de aula de cada alumno os contidos non acadados no curso anterior e que deberán ser traballados neste curso tratando de facer unha secuenciación da forma máis eficiente para contribuir a unha axeitada transición entre os contidos non dados e os propios deste curso académico según a dinámica de traballo de cada alumno.

1.7. *Actividades de reforzo e recuperación*

Os profesores de guitarra teñen no seu horario algunhas horas para actividades de reforzo e recuperación para solucionar as carencias nas aprendizaxes. Durante esas clases propóranse exercicios que cubran aspectos do currículo perdidos durante o curso anterior.

1.8. *Actividades culturais e de promoción das ensinanzas*

O Departamento de Guitarra organiza dentro das súas actividades ordinarias, actividades culturais e de promoción do instrumento e a súa cultura, entre as que destacan:

Curso ou masterclass con guitarristas alleos ao centro.

Concertos de profesionais da guitarra dentro do conservatorio.

Concertos de alumnos/as dentro e fóra do conservatorio.

Exposición de guitarras, conferencias, e outras actividades de similares características.



2. Metodoloxía

As clases de guitarra, nas que o/a docente traballa de maneira individualizada durante unha hora semanal, e que se complementan nas colectivas de instrumento, permite un alto grao de flexibilidade e adaptación ao ritmo e ás características de cada persoa. Isto é un dos pilares fundamentais das ensinanzas musicais en calquera dos niveis. Polo tanto, esta programación debe ser tamén un instrumento flexible, que se adapte ao desenvolvemento cognitivo e musical dun alumnado de diferentes idades, que permita elixir entre diferentes camiños para chegar aos mesmos obxectivos, e que facilite a convivencia de diferentes estratexias pedagóxicas. Non obstante, é tamén unha guía dos obxectivos e contidos mínimos, unha referencia sobre os aspectos técnicos traballados e unha guía orientativa sobre un repertorio organizado en niveis.

3. Atención á diversidade

O profesorado do departamento porá especial atención nos seguintes aspectos:

A detección de alumnado con necesidades específicas, para o cal establecerá canles de comunicación cos pais ou tutores legais e recadará toda a información dispoñible a través dos orientadores do ensino obrigatorio.

Elaboración de adaptacións curriculares para o alumnado con necesidades pedagóxicas especiais. Para isto deberá informar á xefatura de estudos e someterse ao criterio da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Metodoloxía diferenciada para este tipo de alumnado, que deberá ter en conta as características específicas de cada caso.

4. Temas transversais

4.1. *Educación en valores*

As aulas individuais permiten un tempo e un tratamento co alumnado que nos facilitan traballar múltiples aspectos ao longo do curso de forma progresiva e transversal. Ao longo dos meses, ben sexa por aspectos concretos do repertorio ou por calquera tipo de actividade serán tratados os seguintes temas transversais:

Xeografía e Medio Ambiente: Organoloxía e historia do instrumento (madeiras, técnicas de construción, etc.).

Historia: Estudo dos principais instrumentistas e compositores.

Socioloxía: Costumes sociais das épocas históricas tratadas na programación.

Educación para a paz: O valor da música como comunicador social e intercultural.

Igualdade de xéneros: A actividade musical como integradora e fomentadora da igualdade de xéneros na sociedade.



4.2. *Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)*

Os docentes do departamento de guitarra empregarán as tecnoloxías da información e comunicación que ofrece o centro na medida en que o consideren necesario ou proveitoso para o curso e nivel do alumnado. Por outra banda, e dentro dos contidos impartidos nas aulas individuais, orientarán ao alumnado sobre aquelas ferramentas que poidan ser de maior utilidade para a materia impartida, poñendo especial atención nun uso responsable e ético das mesmas. O papel dos e das docentes non se pode limitar só a mostrar un compendio de ferramentas e recursos na rede. Tamén debe informar sobre un criterio responsable sobre consumo, dereitos de autoría ou as consecuencias de traballar con material ilexítimo.

A este respecto, e debido ás modificacións introducidas nas Normas de Organización e Funcionamento, non se permitirá ao alumnado o uso do móbil nin dispositivos electrónicos equivalentes nas aulas, así como calquera tipo de aplicacións que recopilen datos sobre o alumnado, a excepción de CENTROSNET e TOKAPP. Si se recoñece nesta programación a facultade de que o profesorado empregue Youtube, Spotify, iTunes (ou calquera reproductor audiovisual), navegadores de internet, afinadores e metrónomos dixitais e calquera outra ferramenta que considere necesaria para o desenvolvemento das clases e o traballo cotiá, sempre que non teña acceso aos datos persoais do alumnado. Polo tanto, quedan excluídas as bases de datos e similares. Para calquera dúbida, deben consultarse as Normas de Organización e Funcionamento.



5. Secuenciación dos cursos

5.1. *Curso: 1º de Grao Elemental*

5.1.1. Obxectivos para o 1º curso de Grao Elemental

Entender as principais características do instrumento.

Colocar de maneira axeitada o corpo con respecto ao instrumento. Manter unha correcta posición de ambas mans.

Manexar con soltura as dúas formas básicas de pulsación (apoiando e tirando).

Utilizar as uñas para pulsar as cordas cos dedos da man dereita.

Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver correctamente o programa na clase senón que é esencial iniciarse na posta en escea e no contacto co público desde o primeiro curso mediante a asistencia ás audicións.

Coñecer as notas en primeira posición.

Asimilar e integrar os coñecementos adquiridos noutras materias, como Linguaxe Musical, nunha práctica consciente e razoada que avance de forma coordinada.

Interpretar como mínimo oito pezas do programa sendo obrigatoriamente catro delas polifónicas.

5.1.2. Contidos

Primeira avaliación

- a) Colocación da guitarra sobre o corpo.
- b) Exercicios de pulsación en cordas ao aire (tirando e apoiando). Dixitación alternada dos dedos índice e medio
- c) Exercicios de sincronización cos dedos de ambas mans, buscando a axeitada posición das mesmas.
- d) Interpretación como mínimo de dúas pezas monódicas.
- e) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.

Segunda avaliación

- a) Utilización e coidado de uñas nos dedos da man dereita.
- b) Dixitacións básicas na man dereita cos dedos polgar, índice e medio.
- c) Dominio das nocións básicas de altura e duración na escrita musical.
- d) Soltura na lectura das notas das tres primeiras cordas (ata o terceiro traste)
- e) Interpretación como mínimo de dúas pezas monódicas e unha polifónica.
- f) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.



Terceira avaliación

- a) Lectura das notas do diapasón nas seis cordas (ata o terceiro traste)
- b) Iniciación á afinación por unísonos.
- c) Posición e articulación da man esquerda en primeira posición.
- d) Exercicios con pulsación de notas simultáneas.
- e) Interpretación como mínimo de tres pezas polifónicas.
- f) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.

5.1.3. Repertorio

Os contidos para o curso completo constan dun mínimo de oito composicións a escoller entre as da lista proposta abaixo ou outras da mesma dificultade. Catro delas deberán ser polifónicas.

| | |
|---|--------------|
| Essential Guitar Skill, Ed. Ricordi | B. Lester |
| - A escala: n.º 1. | |
| - A escala: n.º 2. | |
| - A escala: n.º 3. | |
| Estudo n.º 1, Isaías Savio, Ed. Ricordi | F. Sor |
| Valsa, Isaías Savio, Ed. Ricordi | J. Küffner |
| The pied piper, <i>Basic pieces</i> , Vol. I, Ed. Chanterelle | J. A. Muro |
| A dance, <i>Basic pieces</i> , Vol. I, Ed. Chanterelle | J. A. Muro |
| The happy vagabond, <i>Basic pieces</i> , Vol. I, Ed. Chanterelle | J. A. Muro |
| A spring waltz, <i>Basic pieces</i> , Vol. I, Ed. Chanterelle | J. A. Muro |
| Bahamas, <i>Divertissements pour guitare</i> , Vol. I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Rocking, <i>Explorations</i> Vol. I, Ed. Ricordi | B. Lester |
| Jazz walk, <i>Explorations</i> Vol. I, Ed. Ricordi | B. Lester |
| Dance for all, <i>Explorations</i> Vol. I, Ed. Ricordi | B. Lester |
| Dúas guitarras: | |
| Minuet, <i>Twenty grades duets</i> de J. Garval | J. A. Logy |
| Seven canons, <i>Explorations</i> , Ed. Ricordi | B. Lester |
| Star Tours in Tokio, <i>Kaubonbon</i> , Ed. Ricordi | M. Linnemann |
| It's raining, <i>Kaubonbon</i> , Ed. Ricordi | M. Linnemann |



5.1.4. Avaliación

Criterios de avaliación

Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.

Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.

Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a.

Participar nas actividades (cursos, concertos, recitais de alumnos, etc.) organizadas polo departamento.

Participar nas clases individuais e colectivas e manter unha actitude activa.

Mínimos esixibles

Primeira avaliación

- a) Colocación da guitarra sobre o corpo.
- b) Exercicios de pulsación en cordas ao aire (tirando e apoiando). Dixitación alternada dos dedos índice e medio
- c) Exercicios de sincronización cos dedos de ambas mans, buscando a axeitada posición das mesmas.
- d) Interpretación como mínimo de dúas pezas monódicas.

Segunda avaliación

- a) Utilización e coidado de uñas nos dedos da man dereita.
- b) Dixitacións básicas na man dereita cos dedos polgar, índice e medio.
- c) Dominio das nocións básicas de altura e duración na escrita musical.
- d) Soltura na lectura das notas das tres primeiras cordas (ata o terceiro traste)
- e) Interpretación como mínimo de dúas pezas monódicas e unha polifónica.

Terceira avaliación

- a) Lectura das notas do diapasón nas seis cordas (ata o terceiro traste)
- b) Iniciación á afinación por unísonos.
- c) Posición e articulación da man esquerda en primeira posición.
- d) Exercicios con pulsación de notas simultáneas.
- e) Interpretación como mínimo de tres pezas polifónicas.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Avaliación inicial: realizarase na primeira sesión e quedará reflectida no caderno de seguemento de aula.

Seguimento académico individual do alumno tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua.



Control do traballo semanal proposto polo profesor no caderno de seguemento de aula no que se anotará repertorio traballado así como o nivel de consecución das destrezas acadadas e carencias detectadas.

Gravación da audición en video. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o profesor lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación da mesmas é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.

O procedemento xeral de avaliación e continua pero cando exista unha ausencia de datos necesarios para avaliar de xeito continuo deberá convocarse o interesado para unha única proba de carácter instrumental na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. O alumno será convocado para dita proba cunha semana de antelación, como mínimo.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio de obras e exercicios previstos polo docente para o trimestre e que permitan avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpejos, ligados, barras, etc): 25%

Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%

Pulsación e proxección do son: 25%

Corrección postural e presentación da man esquerda: 25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Criterios de cualificación

Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a: 20 %

Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso: 20%

Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 20 %

Participar nas actividades organizadas polo departamento: 20 %

Participar nas clases e manter unha actitude activa: 20 %

Dado o carácter continuo do procedemento de avaliación, a cualificación do terceiro trimestre será igual á cualificación final do curso.

5.1.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co/a alumno/a en cuestión, e estará reservada para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso en que está matriculado/a pode ser un problema no desenvolvemento da aprendizaxe e cando, ademais, se considere que esta ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que pretende ampliar.



Para que sexa aceptada, deberá ser comunicada polo titor á xefatura de estudos, quen decidirá os prazos e as formas para consultar ao resto do profesorado implicado. É necesaria a unanimidade deste profesorado para a concesión dunha ampliación de matrícula. É necesaria a superación de todas as materias para a ampliación de matrícula. O proceso segue as indicacións descritas nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

Os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que o candidato/a ten que cumprir na materia Guitarra para a ampliación de matrícula son os que reflicte esta programación para o curso que corresponda e serán avaliados nunha proba fixada coa suficiente antelación sobre o repertorio e exercicios marcados polo docente. Esta proba será cualificada de 1 a 10 puntos, sendo positiva a partir de 5 puntos.

5.1.6. Medidas de recuperación

O profesor/a fará unha proposta de traballo específica para as materias pendentes que teña cada alumno ou alumna. En todo caso, a avaliación dunha materia pendente deberá ter en conta sempre os obxectivos, contidos e criterios de avalización fixados pola programación para o curso correspondente.

5.1.7. Procedementos de recuperación ordinarios

O profesor/a propondrá, de maneira individualizada, as actividades, exercicios e plan de traballo que estime oportunos para a recuperación da materia pendente.

Se fose necesario, e sempre que as condicións horarias do docente e a organización do centro o permitan, poderanse programar horas de reforzo.

Participación nos recitais de alumnos organizados polo departamento.

5.1.8. Probas extraordinarias de xuño

Ver anexo 1

5.1.9. Recursos didácticos

Essential guitar skill - The scale, Ed. Ricordi

B. Lester

Basic pieces, Vol. I, Ed. Chanterelle

J. A. Muro

Divertissements pour guitare, Vol. I, n.º 2, Ed. Doberman

G. Montreuil

La Guitare Classique Vol. A, Ed. M. Combre

J.-M. Mourat

A guitarra e a música tradicional, Dep. Ourense

M. H. Iglesias



5.2. *Curso: 2º de Grao Elemental*

5.2.1. **Obxectivos para o 2º curso de Grao Elemental**

Traballar diferentes elementos técnicos prestando atención á limpeza e co fin de conseguir un mecanismo seguro.

Aprender técnicas de estudo: distribución do tempo, traballo repetitivo e traballo reflexivo. Previr a inconstancia, desorganización, superficialidade, distracción, desinterese ...

Coidar ao máximo a calidade do son, utilizando as uñas e empregando axeitadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas coidadas e correctamente limadas unha vez finalizado o curso segundo.

Dispor dunha guitarra de calidade con cordas en bo estado. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.

Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver adecuadamente o programa na clase senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.

Coñecer polo menos unha técnicas de afinación e a teoría básica.

Coñecer perfectamente as notas nos cinco primeiros trastes do diapasón.

Interpretar como mínimo catro estudos (con diferente formulación técnica) e catro obras.

Coñecer o concepto básico de armadura e asocialo ás diferentes tonalidades.

5.2.2. **Contidos**

Primeira avaliación

- a) Iniciación ás diferentes formas de dixitación, tendo en conta o estilo e carácter da peza ou fragmento.
- b) Lectura de obras con carácter polifónico, con fórmulas de acompañamento básicas.
- c) Iniciación aos arpejos de tres notas.
- d) Iniciación á dixitación e á articulación do dedo anular.
- e) Interpretación como mínimo de dous exercicios e unha obra.
- f) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.

Segunda avaliación

- a) Iniciación á técnica de barras de tres cordas.
- b) Práctica de dixitacións combinando polgar, índice e medio.
- c) Práctica de fórmulas de exercicios encamiñados a desenvolver a calidade do son.
- d) Lectura con fluidez das notas nos cinco primeiros trastes.
- e) Interpretación como mínimo de tres estudos e dúas obras.
- f) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.

Terceira avaliación



- a) Desenvolvemento das técnicas de afinación como hábito previo á clase.
- b) Exercicios de ligados ascendentes de dúas notas ata a quinta posición.
- c) Interpretación como mínimo de catro estudos e catro obras de diferentes estilos.
- d) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.

5.2.3. Repertorio

O curso completo consta de, como mínimo, catro estudos (con diferente formulación técnica) e catro obras a escoller entre as seguintes, ou outras da mesma dificultade:

I. Estudos

Essential Guitar Skill, Ed. Ricordi B. Lester

A barra: n.º 2.

A escala: n.º 3, 5 e 6.

O trémolo: n.º 3 e 6.

O arpejo: n.º 1.

P.I.M.I. Study, Explorations in Guitar playing. Vol. I, Ed. Ricordi B. Lester

II. Obras

Madonna Katerina, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni H. Newsidler

Minueto, Escuela de Guitarra Vol. 2 da 1ª ed.T. Camacho, Ed. Real Musical J.P. Krieger

Andante, Coleção de peças clássicas para 1º ano, I. Savio, Ed. Ricordi M. Carcassi

Estudo n.º 6, Coleção de peças clássicas para 1º ano, I. Savio, Ed. Ricordi N. Coste

Estudo n.º 1 Op. 35, Studi per Chitarra, Ed. Suvini Zerboni F. Sor

Estudo n.º 10p. 3, Studi per Chitarra, Ed. Suvini Zerboni F. Sor

Estudo n.º 2 Op. 35, Studi per Chitarra, Ed. Suvini Zerboni F. Sor

Estudo n.º 3, Coleção de peças clássicas para 1º ano, Isaías Savio, Ed. Ricordi F. Sor

Estudo n.º 1, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig L. Brouwer*

Ronda n.º 3, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle J. Zenamon

Escalando, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle J. Zenamon

Bienvenue, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil

Bahamas, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil

Le Clown, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil

Tango pour Helène, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil

Crépuscule, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman G. Montreuil



| | |
|---|----------------|
| Calypso, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Romance, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Émeraude, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Pocahontas, Kanbonbon, Ed. Ricordi | M. Linnemann |
| Por entre as silveiras, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |
| Ruliño, A guitarra e a música tradicional, Dep. Ourense | M. H. Iglesias |
| Galicia, A guitarra e a música tradicional, Dep. Ourense | M. H. Iglesias |
| Alalá de Lobeira, A guitarra e a música tradicional, Dep. Ourense | M. H. Iglesias |

*Os estudos de F. Sor ou L. Brouwer, aínda que figuran pola súa calidade musical dentro do apartado de obras, tamén poderán ser interpretados como estudos a condición de que o seu contido técnico non interfira cos xa seleccionados de B. Lester.

5.2.4. Avaliación

Criterios de avaliación

Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.

Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.

Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a.

Participar nas actividades (cursos, concertos, recitais de alumnos, etc.) organizadas polo departamento.

Participar nas clases individuais e colectivas e manter unha actitude activa.

Mínimos esixibles

Primeira avaliación

- Iniciación ás diferentes formas de dixitación, tendo en conta o estilo e carácter da peza ou fragmento.
- Lectura de obras con carácter polifónico, con fórmulas de acompañamento básicas.
- Iniciación aos arpejos de tres notas.
- Iniciación á dixitación e á articulación do dedo anular.
- Interpretación como mínimo de dous exercicios e unha obra.

Segunda avaliación

- Iniciación á técnica de barras de tres cordas.
- Práctica de dixitacións combinando polgar, índice e medio.
- Práctica de fórmulas de exercicios encamiñados a desenvolver a calidade do son.
- Lectura con fluidez das notas nos cinco primeiros trastes.
- Interpretación como mínimo de tres estudos e dúas obras.



f). Participar polo menos nunha audición.

Terceira avaliación

- a) Desenvolvemento das técnicas de afinación como hábito previo á clase.
- b) Exercicios de ligados ascendentes de dúas notas ata a quinta posición.
- c) Interpretación como mínimo de catro estudos e catro obras de diferentes estilos.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Avaliación inicial: realizarase na primeira sesión e quedará reflectida no caderno de seguemento de aula.

Seguimento académico individual do alumno tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua.

Control do traballo semanal proposto polo profesor no caderno de seguemento de aula no que se anotará repertorio traballado así como o nivel de consecución das destrezas acadadas e carencias detectadas.

Gravación da audición en video. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o profesor lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación da mesmas é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.

O procedemento xeral de avaliación e continua pero cando exista unha ausencia de datos necesarios para avaliar de xeito continuo deberá convocarse o interesado para unha única proba de carácter instrumental na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. O alumno será convocado para dita proba cunha semana de antelación, como mínimo.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio de obras e exercicios previstos polo docente para o trimestre e que permitan avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpxos, ligados, barras, etc): 25%

Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%

Pulsación e proxección do son: 25%

Corrección postural e presentación da man esquerda: 25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Criterios de cualificación

Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a: 20 %

Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso: 20%

Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 20 %



Participar nas actividades organizadas polo departamento: 20 %

Participar nas clases e manter unha actitude activa: 20 %

Dado o carácter continuo do procedemento de avaliación, a cualificación do terceiro trimestre será igual á cualificación final do curso.

5.2.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co/a alumno/a en cuestión, e estará reservada para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso en que está matriculado/a pode ser un problema no desenvolvemento da aprendizaxe e cando, ademais, se considere que esta ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que pretende ampliar.

Para que sexa aceptada, deberá ser comunicada polo titor á xefatura de estudos, quen decidirá os prazos e as formas para consultar ao resto do profesorado implicado. É necesaria a unanimidade deste profesorado para a concesión dunha ampliación de matrícula. É necesaria a superación de todas as materias para a ampliación de matrícula. O proceso segue as indicacións descritas nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

Os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que o candidato/a ten que cumprir na materia Guitarra para a ampliación de matrícula son os que reflicte esta programación para o curso que corresponda e serán avaliados nunha proba fixada coa suficiente antelación sobre o repertorio e exercicios marcados polo docente. Esta proba será cualificada de 1 a 10 puntos, sendo positiva a partir de 5 puntos.

5.2.6. Medidas de recuperación

O profesor/a fará unha proposta de traballo específica para as materias pendentes que teña cada alumno ou alumna. En todo caso, a avaliación dunha materia pendente deberá ter en conta sempre os obxectivos, contidos e criterios de avalización fixados pola programación para o curso correspondente.

5.2.7. Procedementos de recuperación ordinarios

O profesor/a propondrá, de maneira individualizada, as actividades, exercicios e plan de traballo que estime oportunos para a recuperación da materia pendente.

Se fose necesario, e sempre que as condicións horarias do docente e a organización do centro o permitan, poderanse programar horas de reforzo.

Participación nos recitais de alumnos organizados polo departamento.

5.2.8. Probas extraordinarias de xuño

Ver anexo 1

5.2.9. Recursos didácticos

Explorations in guitar playing for beginners, Vol. I, Ed. Ricordi

B. Lester

Essential guitar skill, The scale, the arpeggio, the barré, the trémolo, Ed. Ricordi

B. Lester



Études simples 1^a serie, Ed. M. Eschig

Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman

Modern Times, Vol. I, Ed. Chanterelle

Estudos, Ed. Suvini Zerboni e Ed. Chanterelle

La Guitare Classique Vol. A, Ed. M. Combre

A guitarra e a música tradicional, Dep. Ourense

Kanbonbon, Ed. Ricordi

L. Brouwer

G. Montreuil

Varios Autores

F. Sor

J.-M. Mourat

M. H. Iglesias

M. Linnemann



5.3. Curso: 3º de Grao Elemental

5.3.1. Obxectivos para o 3º curso de Grao Elemental

Ampliar o repertorio de técnicas (harmónicos, acordes, arpexos e rasgueos).

Mellorar as técnicas de estudo: distribución do tempo; traballo repetitivo e traballo reflexivo; previr a inconstancia, desorganización, superficialidade, distracción, desinterese...

Coidar ao máximo a calidade do son e o estado das uñas, empregando axeitadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas coidadas durante todo o terceiro curso.

Dispor dunha guitarra de calidade con cordas en bo estado. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.

Coñecer as diferentes formas de dixitación, tendo en conta o fraseo e estilo da composición.

Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver adecuadamente o programa na clase, senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.

Dominar a afinación por unísonos.

Coñecer e ler perfectamente as notas nos sete primeiros trastes do diapasón.

Interpretar catro estudos con diferente formulación técnica e catro obras de dous estilos diferentes.

Coñecer de maneira básica as tonalidades maiores e menores e o seu funcionamento na guitarra.

5.3.2. Contidos

Primeira avaliación

- a) Práctica de acordes: simultáneos e arpexados.
- b) Práctica de ligados ascendentes e descendentes
- c) Práctica de escala de mi menor nunha oitava (I posición).
- d) Interpretación como mínimo de dous estudos e unha peza.
- e) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.

Segunda avaliación

- a) Iniciación aos harmónicos naturais e á afinación por harmónicos
- b) Práctica de arpexos con formulacións máis complexas.
- c) Iniciación á barra de seis cordas.
- d) Preparación e participación en, polo menos, unha audición.
- e) Interpretación como mínimo de tres estudos e dúas pezas.
- f) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.

Terceira avaliación

- a) Manter unha correcta posición e articulación dos dedos da man esquerda.



- b) Iniciación ás diferentes disposicións de man esquerda.
- c) Iniciación ao estudo das notas de adorno por medio da técnica dos ligados.
- d) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.
- e) Interpretación como mínimo de catro estudos e catro pezas. Repaso do repertorio do curso para profundar en aspectos de interpretación.

5.3.3. Repertorio

Como mínimo catro estudos (con diferente formulación técnica) e catro obras (de dous estilos diferentes) a escoller entre as seguintes ou outras da mesma dificultade:

I. Estudos

Essential Guitar Skill, Ed. Ricordi

B. Lester

A barra: n.º 1, 3, 4 e 6

A escala: n.º 8, 9, 10 e 12

O trémolo: n.º 1, 2, 8, 10 e 11.

O arpejo: n.º 2, 4 e 5.

II. Obras

Branle IX, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni

A. Le Roy

Almande, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni

A. Le Roy

Gavota, Escuela de Guitarra Vol. 2 da 1ª ed.T. Camacho, Ed. Real Musical

L. Roncalli

Greensleeves, Escuela de Guitarra Vol. 2 da 1ª ed.T. Camacho, Ed. R.Musical

Anónimo XVI

Ricercar II, Antologia di Musica Antica Vol. II, R. Chiesa, Ed. Zerboni

J. Mª. Da Crema

Estudo nº 4, Coleção de peças clássicas para 2º ano, I. Savio, Ed. Ricordi

F. Sor

Estudo nº 7, Coleção de peças clássicas para 2º ano, I. Savio, Ed. Ricordi

F. Sor

Estudo nº 3, Coleção de peças clássicas para 2º ano, I. Savio, Ed. Ricordi

M. Giuliani

Divertimento, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni

M. Giuliani

Estudo nº 10, Coleção de peças clássicas para 2º ano, I. Savio, Ed. Ricordi

F. Tárrega

Estudo nº 2, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig

L. Brouwer*

Estudo nº 3, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig

L. Brouwer*

Estudo nº 4, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig

L. Brouwer*

Estudo nº 5, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig

L. Brouwer*

Estudo nº 8, Études Simples, 2ª serie, Ed. M. Eschig

L. Brouwer*

Preludio, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle

J. Zenamon



| | |
|---|----------------|
| Paisaje, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle | J. Zenamon |
| Grekos, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle | G. Zarb |
| Drones, Modern Times Vol. II, Ed. Chanterelle | G. Biberian |
| Viñeta II, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle | E. Cordero |
| Carrousel, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| São Paulo, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Françoise, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Pascale, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Dolores, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Karina, Divertissements pour guitare, Vol.II, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Vinde ver o neno, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |
| Danza, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |
| Camariñas, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |
| Cantiga de Santa Maria, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |
| Procesional, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |
| Popourri galego, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |

*Os estudos de Sor ou Brouwer, aínda que figuran pola súa calidade musical dentro do apartado de obras, tamén poderán ser interpretados como estudos a condición de que o seu contido técnico non interfira cos xa seleccionados de Lester.

5.3.4. Avaliación

Criterios de avaliación

Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.

Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.

Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a.

Participar nas actividades (cursos, concertos, recitais de alumnos, etc.) organizadas polo departamento.

Participar nas clases individuais e colectivas e manter unha actitude activa.

Mínimos esixibles

Primeira avaliación

- Práctica de acordes: simultáneos e arpexados.
- Práctica de ligados ascendentes e descendentes
- Práctica de escala de mi menor nunha oitava (I posición).



d) Interpretación como mínimo de dous estudos e unha peza.

Segunda avaliación

a) Iniciación aos harmónicos naturais e á afinación por harmónicos

b) Práctica de arpejos con formulacións máis complexas.

c) Iniciación á barra de seis cordas.

d) Interpretación como mínimo de tres estudos e dúas pezas.

Terceira avaliación

a) Manter unha correcta posición e articulación dos dedos da man esquerda.

b) Iniciación ás diferentes disposicións de man esquerda.

c) Iniciación ao estudo das notas de adorno por medio da técnica dos ligados.

d) Interpretación como mínimo de catro estudos e catro pezas. Repaso do repertorio do curso para profundar en aspectos de interpretación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Avaliación inicial: realizarase na primeira sesión e quedará reflectida no caderno de seguemento de aula.

Seguimento académico individual do alumno tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua.

Control do traballo semanal proposto polo profesor no caderno de seguemento de aula no que se anotará repertorio traballado así como o nivel de consecución das destrezas acadadas e carencias detectadas.

Gravación da audición en video. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o profesor lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación da mesmas é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.

O procedemento xeral de avaliación e continua pero cando exista unha ausencia de datos necesarios para avaliar de xeito continuo deberá convocarse o interesado para unha única proba de carácter instrumental na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. O alumno será convocado para dita proba cunha semana de antelación, como mínimo.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio de obras e exercicios previstos polo docente para o trimestre e que permitan avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpejos, ligados, barras, etc): 25%

Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%

Pulsación e proxección do son: 25%



Corrección postural e presentación da man esquerda: 25%

